

## **SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE 20 DE XUÑO DE 2.019**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día 20 de xuño de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Luis Varela Pérez; D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Dona Tania Díaz Seijas excusa a súa asistencia.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA O DÍA 15 DE XUÑO DE 2019**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta da sesión constitutiva celebrada o día 15 de xuño de 2019.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dito acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **2. DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

A instancias do Alcalde, o Secretario da conta da constitución dos seguintes grupos políticos municipais:

O día 18 de xuño de 2019, presentouse escrito de constitución do grupo municipal do PSdG-PSOE, integrado por María del Carmen Acacio López, que actuará como voceira.

O día 18 de xuño de 2019, presentouse escrito de constitución do grupo municipal do PP, integrado por José Pardo Lombao, en calidade de voceiro; Begoña Seco Varela; José Yebra Amorín; Pilar Méndez Lombao; Jesús Fernández García; María José Martínez Vigo; Antonio Lopez Pérez; Tania Díaz Seijas e Luis Varela Pérez.

O día 20 de xuño de 2019, presentouse o escrito de constitución do grupo municipal do BNG, integrado por Xosé Ferreiro Fernández, en calidade de voceiro e Francisco Xabier Molinos Campos e Elvira Lombao Vila en calidade de vicevoceiros ou voceiros suplentes.

Rematada a dación de conta, dánse por constituídos os ditos grupos municipais.

### **3. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN**

A continuación, o Alcalde defende a seguinte proposta de acordo de periodicidade das sesións dos órganos colexiados:

*“Co obxecto de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 210 da Lei 5/1.997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Alcaldía propón ó Pleno Corporativo a adopción do correspondente acordo no senso de que as sesións ordinarias do mesmo teñan lugar os derradeiros xoves de cada mes par, ás trece horas. No caso de que resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior. Asemade, a sesión correspondente ao mes de agosto se celebrará no mes de setembro.*

*En relación á Xunta de Goberno, a Alcaldía propón que as súas sesións ordinarias sexan celebradas tódolos xoves ás trece horas. Se algún deles resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior”.*

Rematada a defensa da proposta, a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, recorda que presentou por escrito ante o Pleno da Corporación a seguinte proposta en relación a este punto da orde do día:

*“Coa finalidade de chegar a un acordo e para que a tódolos compoñentes dos Plenos da Corporación teñan facilidade de conciliación coas súas vidas privadas, propoñemos que a hora á que se celebren os mesmos sexa a partir das 9 da mañá”.*

Asume a defensa da proposta e fai fincapé na necesidade de garantir a conciliación entre a vida familiar e laboral co exercizo das funcións como concelleiros/as.

O Alcalde considera que as 13 horas permiten aproveitar a mañá e que, por regra xeral, os plenos non se estenden máis aló das 15 horas. No suposto de que nalgún caso sexa previsible que a sesión será máis longa, poderase adiantar a celebración da sesión. Non obstante, este acordo non é inamovible e, no caso de que a sesión se alongen máis aló das tres dactío, poderase modificar.

O concelleiro do BNG, Xabier Molinos, expresa a súa conformidade coa periodicidade bimensual, pero o horario proposto lle parece un desatino, xa que imposibilita a asistencia ás

sesión daqueles veciños/as que traballan. Recorda que esta mesma proposta xa foi presentada con ocasión da organización da anterior corporación e que foi rexeitada polos concelleiros do grupo municipal do PP.

A periodicidade proposta é un obstáculo para a participación veciñal e, por tal motivo, o BNG propón que as sesións plenarias se celebren ás 20:00 horas ou, mesmo, o sábado pola mañá.

En relación coa proposta de periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local, cada dous meses éstas coincidirán coa celebración das sesións plenarias ordinarias, polo que esta periodicidade está avocada ao seu incumprimento.

O Alcalde recorda que este concello graba tódalas sesións plenarias e as colga na páxina web, de xeito que tódolos veciños poderán ver calquer sesión a calquer hora dende a súa casa ou dende onde se atopen.

No que atinxe á periodicidade da Xunta de Goberno, a coincidencia non é un obstáculo, xa que se pode modificar a hora da convocatoria da Xunta de Goberno sen problema.

O concelleiro do grupo municipal do BNG insiste na necesidade de acercar o Concello aos veciños, e un exemplo foi a sesión plenaria do sábado 15 de xuño, na que a xente encheu o salón de plenos. Por outra banda, non todo o mundo ten acceso a internet e non é o mesmo ver unha sesión en internet que en directo e poder participar nela.

A concelleira do PSdG-PSOE comparte as opinións do concelleiro do BNG, especialmente no que atinxe ás dificultades de acceso a internet que poden ter certos veciños.

O Alcalde considera que a dispoñibilidade por internet ten moitas ventaxes e non comparte as opinións da oposición.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de acordo de periodicidade das sesións.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e catro votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

#### **4. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS PERMANENTES**

A continuación, o Alcalde defende a seguinte proposta de acordo de creación e composición de comisións permanentes do Pleno:

*“José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ao Pleno da Corporación Municipal a creación das seguintes comisións:*

*A Comisión especial de contas, ao amparo do disposto no artigo 20.1.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte composición e competencias:*

*A Comisión Especial de Contas, integrada por un Presidente (o da Corporación Municipal), e seis vocais: catro pertencentes ao Grupo Municipal do Partido Popular, un pertencente ao Grupo Municipal do PSdG-PSOE e outro pertencente ao Grupo Municipal do BNG.*

*As competencias propias da Comisión Especial de Contas serán as atribuídas por norma con rango de lei.*

*A Comisión de asuntos do Pleno, ao amparo do disposto no artigo 20.1.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte composición e competencias:*

*A Comisión de asuntos do Pleno, integrada por un Presidente (o da Corporación Municipal), e seis vocais: catro pertencentes ao Grupo Municipal do Partido Popular, un pertencente ao Grupo Municipal do PSdG-PSOE e outro pertencente ao Grupo Municipal do BNG.*

*As competencias serán as atribuídas por norma con rango de lei”.*

Rematada a defensa da proposta, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen informa que as comisións propostas son as que prevé a Lei e propón que se reduza o número de membros a cinco, de xeito que o PP, con tres membros, conserve a maioría absoluta que ten no Pleno. De aceptarse a proposta do BNG aforraríanse os cartos de unha asistencia en cada sesión sen perder funcionalidade algúnha, xa que as comisións neste concello están máis orientadas a informar aos grupos da oposición.

Asemade, solicita -coma xa fixo na corporación anterior- a creación de unha comisión de urbanismo e outra de contratación, xa que son os dous asuntos máis polémicos e nos que existe unha meirande sensibilidade veciñal, respetando, eso sí, a maioría absoluta do PP en ditas comisións.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE respalda a proposta do BNG, especialmente no que se refire ao urbanismo, xa que existen urbanizacións que requiren de unha actuación municipal que poña fin aos graves problemas dos veciños que viven nelas.

O Alcalde considera que o BNG contradícese xa que, por unha banda solicita que se aforre nos custes que implica o funcionamento de unha comisión informativa e, pola outra, solicita que se creen dous comisións máis.

Informa que a comisión de asuntos do Pleno xa trata tódolos temas de urbanismo ou de contratación de competencia plenaria, polo que carece de sentido crear dous comisións máis

que, chegado o caso, terían que celebrarse unha a continuación de outra, o que acarrearía o dobre de custo.

O voceiro do BNG afirma que débese aforrar en todo aquilo que non é necesario, pero afirmar que non é necesaria unha comisión para estudar os problemas urbanísticos ou de contratación de este concello parécelle en erro grave.

Os custes aos que darían lugar estas comisións serían perfectamente rendibles e, de feito, si se crean ditas comisións de urbanismo ou contratación, os concelleiros do BNG non cobrarán nin un céntimo pola súa asistencia.

A voceira do PSdG-PSOE, ratifícase na existencia de problemas urbanísticos no concello (que son moitos e moi importantes) e que requiren de unha mesa para o seu estudo.

O Alcalde asegura que este concello foi pioneiro en resolver os problemas que outros crearon cunha xestión nefasta que rematou nunha crise económica que se levou por diante a moitos promotores. O concello afrontou o remate das urbanizacións pendentes e, a día de hoxe, aínda queda unha, pero que se rematará nesta lexislatura.

Ao voceiro do grupo municipal do BNG recórdalle que na lexislatura anterior cobrou coma tódolos concelleiros por tódalas sesións ás que asistiron.

Considera que a proposta de crear unha comisión de urbanismo ou de contratación non ten máis obxecto que crear a dúbida nos veciños de si con estas comisións o concello funcionaría de outro xeito, pero recórdalle que a ditas comisións sólo poden ir os asuntos de urbanismo ou de contratación de competencia plenaria e que ditos asuntos xa se tratarán na comisión de asuntos do Pleno de xeito conxunto cos restantes asuntos. É dicir, estes asuntos de urbanismo ou de contratación trataranse igualmente nunha comisión do Pleno, o único que cambia é o nome da comisión.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de acordo transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e catro votos en contra pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

## **5. DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

O Alcalde asume a defensa da seguinte proposta de Alcaldía de delegación de competencias plenarias na xunta de goberno:

*“De acordo co disposto no Artigo 22 da Lei 7/85, de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Alcalde propón ó Pleno da Coporación a delegación na Xunta de Goberno Local, das seguintes competencias plenarias:*

- *A concertación das operacións de crédito e tesourería.*
- *As contratacións e concesións de toda clase de competencia plenaria.*
- *A aprobación dos proxectos de obras e servicios cuando sexa competente para a súa contratación ou concesión.*
- *As enaxenacións patrimoniais cuando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento e as las permutas de bens inmobles.*
- *A aprobación e modificación de prezos públicos.*
- *O exercizo das competencias plenarios en materia de expropiación forzosa.*
- *O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.*
- *O recoñecemento extraxudicial de créditos.*
- *A declaración de lesividade dos actos do Concello”.*

Rematada a intervención do Alcalde, fai uso da palabra a concelleira do BNG dona Elvira Lombao, quen considera que un concello debe ser unha administración totalmente transparente e próxima aos cidadáns. Por tal motivo, a delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno vai en contra da transparencia e da cercanía os cidadáns, xa que as sesións das Xuntas de Goberno non son públicas e, de feito, tampouco se gravan nin son accesibles dende a web municipal, ao contrario que sucede coas sesións plenarios.

Tampouco na Xunta de Goberno están representados os concelleiros dos restantes grupos políticos, o que impide o debate e afonda na perda de transparencia. Por tales motivos, o BNG está en contra da proposta de delegación que trae a Alcaldía e que supón un vaciamiento de contido do Pleno da Corporación.

O Alcalde resposta que as actuacións da Xunta de Goberno son públicas e o seu funcionamento é transparente. Engade que a posibilidade de delegar competencias na Xunta de Goberno se recolle expresamente na lexislación de réxime local que, dito sexa de paso, foi aprobada por un Goberno de esquerdas. Remata afirmando que o equipo de Goberno ten que gobernar xa que é o mandato que recibiron dos veciños e que así o fará e de xeito totalmente transparente.

Recorda que este concello foi pioneiro en transparencia, gravando e permitindo o acceso permanente a través da web. municipal das sesións plenarios. Anuncia que, si técnicamente é posible, nesta lexislatura comenzarán a retransmitir en directo as sesións plenarios.

Por tales motivos non modificarán a proposta de delegación, xa que é o máis operativo para o funcionamento do Concello.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de acordo transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e catro votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

## **6. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS**

Acto seguido, o Alcalde inicia o debate defendo a proposta de nomeamento de representantes do concello en diversos órganos colexiados do seguinte teor literal:

*“José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ao Pleno da Corporación Municipal os seguintes nomeamentos:*

*Mancomunidade de municipios da Terra Chá: José Pardo Lombao e Begoña Seco Varela.*

*Consello escolar: José Pardo Lombao.*

*Asociación Desarrollo Rural ADR Comarca de Lugo: José Pardo Lombao”.*

A concelleira do PSdG-PSOE cree que o Alcalde abranguerá demasiados órganos colexiados e non sabe se dará feito. Probablemente debería delegar nalgún concelleiro do seu equipo de goberno.

Xabier Molinos, concelleiro do BNG, expresa que os restantes grupos municipais deberían ter representatividade en ditos órganos colexiados. Pon coma exemplo o Pleno da Mancomunidade, onde por xenerosidade política debería recoñecerse aos grupos da oposición a posibilidade de participar mediante o nomeamento de un membro.

O Alcalde resposta que a representación en ditos órganos é do goberno municipal e que dito goberno o ten o grupo popular. Dificilmente poderían tomarse decisións en ditos órganos colexiados que comprometan ou afecten ao concello sen que o equipo de goberno participe nos mesmos. O PP ten un mandato dos veciños de Outeiro de Rei para gobernar e dito mandato ten que cumprirse.

En resposta á concelleira do PSdG-PSOE afirma que o Alcalde poderá exercer as funcións que lle corresponde incluso coa participación nos órganos colexiados, tal e como fixo nas lexislaturas pasadas.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de acordo transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor; un voto en contra correspondente á concelleira do PSdG-PSOE e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG.

## **7. ASISTENCIAS, INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO E DEDICACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E DETERMINACIÓN DE POSTOS DE PERSONAL EVENTUAL**

Iníciase o punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PP, da seguinte proposta de acordo plenario:

*O Grupo firmante propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Establecer unha indemnización por asistencia a órganos colexiados de 120 euros/sesión.*

*Segundo.- Fixar as dietas oficiais da seguinte forma:*

*-Dieta completa (pernoctando fora do domicilio): 150,00 euros.*

*-Media dieta (xestións fora do municipio): 100,00 euros, salvo para os concelleiros que ostenten dedicación parcial ou exclusiva, que será de 50 euros.*

*-Kilometraxe oficial: 0,30 euros / Km.*

*Terceiro.-*

*a) Asignar dedicación parcial ao 98% de xornada á Alcaldía-Presidencia, recoñecendo tal adicación dende o día 15 de xuño.*

*b) Fixar a contía da dedicación acordada na cantidade de 43.800 euros anuais, que se distribuirán en 14 pagas anuais.*

*Cuarto.- Establecer unha adicación parcial con unha adicación de 90% da xornada ao cargo de concelleiro e cunha retribución bruta anual de 27.000 euros distribuídos en 14 pagas, que será asignada polo Alcalde da Corporación, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria seguinte ao da asignación.*

*Quinto.- Determinar a creación de un posto de persoal eventual (art. 104. LBRL), cunha retribución bruta anual de 27.000 euros distribuídos en 14 pagas”.*

O Alcalde remata afirmando que a asignación á Alcaldía é exactamente a mesma que a fixada fai catro anos.

O voceiro do BNG afirma que éste é un tema moi delicado que hai que tratar con coidado polas susceptibilidades que xera na sociedade. A actividade política, cando se adica tempo, debe



ter unha retribución digna. Agora ben, o que non pode ser é empregar métodos ilexítimos para obter ditas retribucións ou pasarse nas asignacións.

No que se refire ás asistencias aos órganos colexiados, os 120 euros pode ser unha contía aceptable para as sesións plenarias, xa que éstas adoitan ter unha duración de dous ou tres horas e esixen dun previo estudo e preparación dos asuntos a tratar. Agora ben, dita cantidade non é aceptable (por realmente excesivas) para as comisións do Pleno, xa que están orientadas a informar aos concelleiros dos asuntos que se elevarán ao Pleno e teñen unha duración de 10 ou 15 minutos moitas delas.

Tamén son realmente excesivas as contías para as Xuntas de Goberno, que adoitan a ter unha duración de dez ou quince minutos. Neste caso, moitas veces se encadenan con outras sesións de outros órganos polo que, por unha xuntaza de trinta minutos, os concelleiros do grupo municipal do PP cobran 240 euros cada un, o que é unha auténtica barbaridade e non ten ningún sentido nunha sociedade na que moitos traballadores ou traballadoras traballan até dez horas diarias por un salario de 1000 euros mensuales.

Por tal motivo, tamén propoñen que en ningún caso se cobren dúas asistencias pola celebración de dúas sesións consecutivas.

En relación á indemnización por quilometraxe, é un sinsentido que un funcionario cobre 0,19 euros/kilómetro namentres un concelleiro cobra 0,30 euros/kilómetro. Isto non ten explicación. E isto sucede mentres as traballadoras do Concello de axuda no fogar que teñen que recorrer gran parte do termo municipal ao longo do día, non cobra nin un céntimo de euro por desprazamentos. Isto é totalmente inxusto, irracional e desproporcionado.

Tampouco comparte as contías das dietas, e considera que debería abonarse o xustifico e gastado, e non converter estes conceptos indemnizatorios nunha vía de financiamento da economía familiar.

Polo que atinxe ao salario do Alcalde, considera que non é o máis excesivo de esta proposta, pero insiste, ao igual que xa fixo na lexislatura pasada, que debería ser equivalente a un funcionario do grupo A da Xunta de Galicia ou un médico, pero no presente caso asígnase a contía máxima permitida pola Lei, o que lle parece igualmente excesivo, e máximo cando agora se asigna unha adicación do 90% co mesmo salario que antes se correspondía coa adicación total. Se isto se fai así é porque se pretende cometer algún tipo de fraude, como realizar algún tipo de actividade que non se podería realizar cunha adicación total.

Considera que debería explicar qué necesidades novas xustifican a outra adicación exclusiva que se propón, así coma o posto de personal eventual, e que conlevan un incremento de gasto político de 54.000 euros anuais, polo que con este acordo se duplicará o gasto de salarios políticos de un día para outro.

Por tales motivos anuncia o voto en contra dos concelleiros do seu grupo.

A concelleira do PSdG-PSOE, considera que o salario do Alcalde é demasiado elevado para un concello coma Outeiro de Rei e que implica un gasto anual por habitante de 8 euros máis as dietas.

Considera que os 120 euros por asistencias denomínanse indemnizacións cando considera que debería denominarse retribución, xa que as asistencias aos órganos non xeran danos ou gasto aos concelleiros.

O Alcalde considera que o tempo e esforzo que adican os concelleiros a preparar e estudar os asuntos que integran a orde do día deben ser indemnizados dalgún xeito (salvo os que teñen adicacións), e para iso están as asistencias, e que estas se diferencian das dietas, que teñen por obxecto sufragar os custes de desprazamento, manutención e, no seu caso, pernocta por comisións realizadas fora do termo municipal.

O Alcalde informa aos concelleiros do BNG que a asignación á Alcaldía é inferior á máxima permitida pola Lei. Engade que se manteñen os importes das dietas, asistencias e quilometraxe que se fixaron fai catro anos, se ben este ano se crea unha adicación exclusiva e máis un posto de personal eventual, xa que este concello, pola súa complexidade, require de un concelleiro que se adique especialmente a certas áreas, e por outra banda, de un traballador que reforce certas funcións.

Remata asegurando que neste concello se abonan os quilómetros que fan a tódolos traballadores municipais.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de acordo transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e catro votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

## **8. PROPOSTA DE ASIGNACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

O Alcalde da conta da seguinte proposta de asignación de dotación económica aos grupos políticos municipais:

*O artigo 73 da lei 7/1985, de 2 de abril, establece:*

*“3. A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan con excepción de aquéllos que no se integren en el grupo político que constituya la*

*formación electoral por la que fueron elegidos o que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos.*

*El Pleno de la corporación, con cargo a los Presupuestos anuales de la misma, podrá asignar a los grupos políticos una dotación económica que deberá contar con un componente fijo, idéntico para todos los grupos y otro variable, en función del número de miembros de cada uno de ellos, dentro de los límites que, en su caso, se establezcan con carácter general en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado y sin que puedan destinarse al pago de remuneraciones de personal de cualquier tipo al servicio de la corporación o a la adquisición de bienes que puedan constituir activos fijos de carácter patrimonial”.*

*En base á norma transcrita, e co gallo de dotar de certo financiamento aos grupos políticos municipais, de xeito que facilite aos membros da corporación o exercizo das súas funcións constitucionais vencelladas ao mandato representativo, proponho ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:*

*- Establecer unha asignación económica aos grupos políticos municipais consistente nunha cantidade fixa de 2000 euros/ano, e outra variable, de 1200 euros/ano por cada concelleiro integrante do grupo político. Ditas contías se farán efectivas mediante transferencia bancaria á conta aberta a nome de cada grupo político”.*

A concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE afirma estar de acordo coa asignación, e pregunta si podería o Concello por a disposición dos grupos de un local para celebrar xuntanzas cos veciños que o desexen.

O concelleiro do BNG Xabier Molinos recorda que a asignación aos grupos municipais foi unha reivindicación histórica do BNG que se acadou por vez primeira na pasada lexislatura. Onde xa non están de acordo é no reparto das asignacións, xa que se ben o compoñente fixo parécelle axeitado, o variable é excesivo, e proponen que, en vez dos 1200 euros/concelleiros, se fixe a contía anual de 600 euros, o que implicaría un aforro do 50%.

Fai catro anos o BNG presentou por escrito unha solicitude de un local, tal e como prevé o ROF, xa que é necesario para reunirse cos veciños ou mesmo entre nos.

O Alcalde resposta que se estudiará a posibilidade de habilitar un local, se ben na casa do concello é imposible xa que o espazo está totalmente ocupado.

As asignación aos grupos non se acordaron porque as reivindicaran dende o BNG, senón porque dende que goberna o PP neste concello vaise mellorando continuamente e unha de esas melloras foi a previsión de ditas asignacións, á vista de que ás necesidades e función dos grupos municipais foron modificándose co paso do tempo.

O concelleiro do BNG preguntalle ao Alcalde si acepta a proposta de reducir un 50% o compoñente variable das asignacións.

O Alcalde resposta que, como considera que as asignacións propostas, se ben poderían ser mellorables, son a día de hoxe suficientes e necesarias, mantén a proposta.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de acordo transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e catro abstencións pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

## **9. DACIÓN DE CONTA DOS NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da conta en viva voz dos seguintes Decretos de Alcaldía de data de 17 de xuño de 2019:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, designo aos seguintes Tenentes de Alcalde:

Primeiro Tenente de Alcalde: Dona Begoña Seco Varela.

Segundo Tenente de Alcalde: Don José Yebra Amorín.

Terceiro Tenente de Alcalde: Don Jesús Fernández García.

Cuarto Tenente de Alcalde: Don Luis Varela Pérez”.

“D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:

Nomear como membros integrantes da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros, na súa calidade de Tenentes de Alcalde:

Dona Begoña Seco Varela

Don José Yebra Amorín.

Don Luis Varela Pérez.

Don Jesús Fernández García”.

“D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:

Delegar, na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da Alcaldía:

- A disposición de créditos orzamentarios, salvo os de persoal, por contía superior aos 4000 euros, así como a concesión de axudas e subvencións nos termos fixados nas bases de execución do orzamento.

- A perfección e extinción de contratacións e concesións de toda clase de contía superior aos catro mil euros.

- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estén previstos no orzamento.

- A adquisición e enaxenación de bens e dereitos que non sexan de competencia do Pleno da Corporación e sempre que o valor da operación exceda de 4000 euros.

- O outorgamento de autorizacións e licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

- A declaración, outorgamento e revocación da condición de beneficiario dos servizos sociais do concello”.

“D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:

Delegar as facultades de impulso e supervisión conferidas á Alcaldía nas materias que se relacionan a continuación, nos seguintes concelleiros:

Cultura: María Begoña Seco Varela

Mantemento de vías públicas: José Yebra Amorín.

Medioambiente, Deportes e Turismo: Pilar Méndez Lombao.

Agricultura e Gandería: Jesús Fernández García.

Xuventude, educación infantil (ludotecas e EIM): Tania Díaz Seijas.

Servizos Sociais e Igualdade: María José Martínez Vigo.

Montes: Antonio López Pérez.

Promoción económica, viveiro industrial e xestión parque empresarial: Luis Varela Pérez”.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

V<sup>o</sup>P<sup>o</sup>; O Alcalde